

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 05.04.2023

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.06 h do 05.04.2023, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bétoa Puente, Tamara Miragaya López, José Andrés Serantes Panceiras, Juana Barro Couto, Juan José Franco Casal, Alejandra Permuy Meizoso, Manuel Polo Gundín, Cristina García Moroño, Justo Martínez Ardá, María de los Ángeles Coira López, Antón Lois Noceda Carballo, María del Mar Piñeiro Otero (quen se ausenta da sesión ás 19.00 h, reincorporándose ás 19.01 h.), Ana Basoa Rioboo (quen abandona a sesión durante o debate do punto 8º da orde do día ás 19.10 h.), Marta Pereiro Calvo e María Carmen Martínez Rodríguez (quen se ausenta da sesión ás 18.43 h, reincorporándose ás 18.45 h.)

Secretaria: Lara Otero Díaz

Interventora: Eva María Casal Sanjurjo

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinarias do 02.02.2023 e 02.03.2023

Ao non haber ningunha obxección, quedan aprobadas as actas das sesións ordinarias do 02.02.2023 e 02.03.2023

2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende a núm. 195/2023 á 330/2023

Os/as concelleiros/as danse por informados/as.

3. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal do Partido Popular relativa aos plans de ordenación do espazo marítimo (POEM)

Consta no expediente a seguinte Moción que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 28.03.2023, por 2 votos a favor (2 do grupo municipal do Partido Popular), e 4 abstencións (3 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e 1 do Grupo Mixto municipal), que transcrita di:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE FENE EN RELACIÓN AOS PLANS DE ORDENACIÓN DO ESPAZO MARÍTIMO (POEM)

O Grupo Municipal Popular de Fene conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de marzo publicouse no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto 150/2023, de 28 de febreiro, polo que se aproban os Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM) das cinco demarcacións mariñas españolas: noratlántica - no que se inclúen as augas mariñas que bañan o litoral de Galicia - sudatlántica, do Estreito e Alborán, levantino-balear e canarias.

Lamentablemente, este acordo volve a evidenciar o escaso interese do actual Goberno de España por chegar a acordos coas Comunidades Autónomas e co tecido produtivo, xa que a planificación aprobada en ningún caso se levou a cabo desde un consenso real coa Xunta de Galicia e dos sectores implicados, é dicir, nin co sector marítimo- pesqueiro, nin tampouco coa industria da eólica mariña.

En consecuencia, o texto aprobado non recollese todas as sensibilidades necesarias para garantir un desenvolvemento da eólica mariña como vector de competitividade e de impulso industrial, sempre e cando existan as máximas garantías de compatibilidade coa actividade pesqueira. Cómpre recordar

que a industria galega xa emprega a 1.200 persoas en proxectos de eólica mariña, un segmento de actividade no que somos un referente a nivel mundial e europeo, e que, ademais, ten a aspiración de contar con 8.000 traballadores e traballadoras nos vindeiros anos.

Polo tanto, antes de falar de proxectos concretos, a vicepresidenta terceira e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico do Goberno, Teresa Ribera, debe cumprir o compromiso adquirido co presidente a Xunta e reunirse co Observatorio da Eólica Mariña de Galicia. Constituído en xuño de 2021, o seu obxectivo é servir de foro de diálogo, encontro e análise para a procura da coexistencia e compatibilidade do potencial desenvolvemento da eólica mariña na Comunidade con todas as actividades existentes, con especial atención ás actividades marítimo-pesqueiras.

Deste xeito, o Goberno debe rectificar a súa posición e buscar puntos de encontro, sempre baixo a premisa de garantir a compatibilidade entre as actividades tradicionais e o desenvolvemento da eólica mariña, así como atender as solicitudes feitas desde Galicia:

- Incorporar información máis detallada dos caladoiros existentes e non unha delimitación xeral.
- Explicar por que a vixencia do POEM é ata 2027 cando todo apunta a que os proxectos de eólica mariña serán executados en datas posteriores.
- Aclarar cando ten previsto establecer un marco normativo adecuado e a convocatoria das poxas de lámina de auga para que realmente os promotores poidan presentar os seus proxectos.
- Adoptar un modelo de evacuación da enerxía centralizado, no que se obrigue aos promotores a compartir estas infraestruturas e vaian ao mesmo punto de conexión, evitando afeccións sobre o territorio.

Por todo o exposto o Grupo Municipal Popular de Fene insta a acordar por parte do Pleno municipal a:

“O concello de Fene demanda ao Goberno de España:

1ª.- Que xustifique tecnicamente as zonas de alto potencial para o desenvolvemento da eólica mariña incluídas finalmente nos POEM.

2ª.- Que explique por que non se consideraron todos os datos asociados á pesca e aos caladoiros.

3ª.- Que dea resposta ás opinións do sector marítimo pesqueiro e se reúna cos axentes implicados no eido do Observatorio da Eólica Mariña

En Fene, a 16 de marzo de 2023

BERTO A PUENTE ROCIO AURORA”

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 13 votos a favor (6 do grupo municipal do BNG, 6 do grupo municipal do Partido Popular e 1 do grupo Mixto municipal) e 4 votos en contra (4 de grupo municipal Socialista)

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

O concello de Fene demanda ao Goberno de España:

1ª.- Que xustifique tecnicamente as zonas de alto potencial para o desenvolvemento da eólica mariña incluídas finalmente nos POEM.

2ª.- Que explique por que non se consideraron todos os datos asociados á pesca e aos caladoiros.

3ª.- Que dea resposta ás opinións do sector marítimo pesqueiro e se reúna cos axentes implicados no eido do Observatorio da Eólica Mariña

4. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal do Partido Popular relativa á ordenación do litoral de Galicia.

Consta no expediente a seguinte Moción que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 28.03.2023, por 2 votos a favor (2 do grupo municipal do Partido Popular) e 4 abstencións (3 do Bloque Nacionalista Galego e 1 voto do grupo mixto municipal), que transcrita di:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA A ORDENACIÓN DO LITORAL DE GALICIA

O Grupo Municipal Popular de Fene conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española non reserva ao Estado competencia exclusiva algunha de ordenación do litoral, salvo recoñecerlle que é de titularidade estatal o dominio público marítimo-terrestre e que debe facer a súa regulación mediante lei.

Porén, a Constitución no seu artigo 148, si que recoñece que as comunidades autónomas poderán asumir, entre outras, as competencias en materia de ordenación do territorio.

O noso Estatuto de Autonomía recoñece no seu artigo 27 que a comunidade autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de ordenación do litoral, e que por dita exclusividade corresponde ao Parlamento de Galicia ditar as leis nesa materia e á Xunta de Galicia aprobar os Regulamentos e exercer a función executiva.

Tamén a Lei de Costas do Estado, no seu artigo 114 vén recoñecer que as Comunidades Autónomas exercerán as competencias que en materia de ordenación territorial e do litoral teñan atribuídas en virtude dos seus Estatutos.

Tamén o Tribunal Constitucional (TC) veu establecer que a titularidade estatal do dominio público marítimo terrestre non é un criterio de atribución de competencias e que non pode excluír que as CCAA de litoral exerzan as súas lexítimas competencias.

Ademais, o TC tamén vén recoñecer que nas Comunidades Autónomas con competencias exclusivas en materia de ordenación del litoral a facultade de outorgar títulos de ocupación do litoral intégrase na competencia máis ampla de ordenación do litoral como función executiva.

A todo isto súmase o ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia no que, tras analizar as sentenzas do TC nesta materia, conclúe que Galicia ten potestades normativas para ordenar o seu litoral mediante lei e para outorgar os títulos de ocupación do litoral, faltando só o traspaso de medios e servizos para o seu exercicio efectivo.

Tendo en conta a opinión do Consultivo e todos os intentos realizados por parte do Goberno central co obxectivo de interferir na xestión do dominio público marítimo-terrestre e de impulsar cambios normativos para expulsar todo vestixio humano do noso litoral e que van en contra da propia identidade e dinámica do litoral galego, a Xunta tomou a decisión de impulsar a redacción da primeira Lei de ordenación do litoral de Galicia.

De feito, o pasado 15 de decembro de 2022, a Xunta deu inicio á tramitación desta norma, que ten como obxectivo regular a xestión das actividades humanas no litoral, garantindo o aproveitamento sostible do litoral, dos seus recursos e mantendo en bo estado os seus ecosistemas e, por suposto, protexendo tamén o litoral, como lugar estratéxico para o desenvolvemento económico e soporte das actividades económicas e sociais que crean emprego para a poboación e que son propias da súa identidade.

O texto, ademais, ten en conta os distintos usos existentes nesta franxa, os riscos e ameazas que afectan aos ecosistemas mariños, e as diferentes Administracións públicas que hai implicadas na súa xestión.

A elaboración desta nova enmarcase na demanda trasladada ao Goberno central, tanto por parte da Xunta como polo Parlamento de Galicia, para que Galicia poida ordenar o seu litoral e asuma, canto antes e como xa fixeron outras comunidades, que poida exercer as competencias plenas e efectivas que lle atribúe o seu Estatuto de Autonomía sobre a xestión do dominio público marítimo-terrestre.

Desde o grupo popular considérase imprescindible que Galicia regule a súa costa para protexela máis e tamén para que se poña freo aos ataques impulsados nos últimos anos polo Goberno central que

O-G
366
150
P-
F:
C.T.

teñen como obxectivo de eliminar calquera vestixio de presenza humana do litoral sen avaliar as súas consecuencias.

Por todo o exposto, o Grupo Popular no Concello de Fene presenta a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

O Concello de Fene insta ao Goberno central a:

1. Recoñecer as lexítimas competencias de Galicia en materia de ordenación do litoral atribuídas no seu Estatuto de Autonomía
2. Respetar a lei galega de ordenación do litoral na medida en que se fundamenta nas lexítimas competencias exclusivas que a nosa Comunidade ten recoñecidas no seu Estatuto
3. Realizar o traspaso efectivo dos medios persoais e materiais necesarios para poder exercer a competencia exclusiva de ordenación do litoral, que inclúe como función executiva a xestión dos títulos habilitantes sobre o litoral.
4. Velar pola protección do dominio público marítimo terrestre sen prescindir das súas funcións sociais dado o seu carácter de lugar estratéxico para o desenvolvemento de determinadas actividades económicas e sociais que se desenvolven na nosa costa.

En Fene, a 16 de febreiro de 2023

BÉRTOA PUENTE, ROCÍO AURORA”

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

O Concello de Fene insta ao Goberno central a:

1. **Recoñecer as lexítimas competencias de Galicia en materia de ordenación do litoral atribuídas no seu Estatuto de Autonomía**
2. **Respetar a lei galega de ordenación do litoral na medida en que se fundamenta nas lexítimas competencias exclusivas que a nosa Comunidade ten recoñecidas no seu Estatuto**
3. **Realizar o traspaso efectivo dos medios persoais e materiais necesarios para poder exercer a competencia exclusiva de ordenación do litoral, que inclúe como función executiva a xestión dos títulos habilitantes sobre o litoral.**
4. **Velar pola protección do dominio público marítimo terrestre sen prescindir das súas funcións sociais dado o seu carácter de lugar estratéxico para o desenvolvemento de determinadas actividades económicas e sociais que se desenvolven na nosa costa.**

5. Aprobación, se procede, da declaración institucional de restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión.

Consta no expediente a seguinte declaración institucional que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 28.03.2023, por 4 votos a favor (3 do grupo municipal do BNG e 1 voto do grupo mixto municipal) e 3 abstencións (1 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal do Partido Popular) que transcrita di:

“Proposta de declaración institucional

Por iniciativa da Federación de Asociacións Culturais Galegas, Galiza Cultura, e da Plataforma Social en Defensa dos Dereitos Nacionais de Galiza, Vía Galega, unha comisión conformada por 30 persoas, representativas de diferentes ámbitos da sociedade galega, presentaban, no rexistro do Parlamento de Galiza, a proposición de lei de iniciativa legislativa popular (ILP) para a restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión. Unha vez admitida a trámite pola Mesa do Parlamento e notificado o acordo da Xunta Electoral de Galiza, emprendemos a campaña para reunir, como mínimo, ás 10.000 sinaturas necesarias para a defensa da proposición de lei no Parlamento Galego. Como é coñecido, desde que se promulgou a Lei de Símbolos de Galiza, o catedrático da Universidade da Coruña, Manuel Ferreiro, desenvolveu un extraordinario traballo de investigación e publicou diferentes edicións da historia do noso himno, onde se demostraba e recuperaba

documentalmente o texto fidedigno do Himno Galego, de acordo co texto orixinal e autorizado do seu autor, Eduardo Pondal. Cómpre, pois, cando van máis de 38 anos de vixencia da Lei de Símbolos de Galiza, dotar de oficialidade o texto restaurado do noso Himno, divulgalo e popularizalo de forma masiva na sociedade galega. Este é o propósito desta Iniciativa legislativa popular.

Con este obxectivo, solicitamos da corporación municipal de Fene que teña a ben presentar unha Declaración institucional no próximo Pleno do Concello para apoiar a proposta da ILP, que reproducimos a continuación.

“PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A RESTAURACIÓN DO TEXTO FIDEDIGNO DO HIMNO GALEGO E A SÚA DIFUSIÓN”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tres anos despois de aprobado e promulgado o Estatuto de Autonomía (1981), en que se recoñece que Galiza ten himno “de seu” (artigo 6.2), o Parlamento galego consagrou na Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia, o que xa estaba no ánimo e no sentir do pobo, oficializando como himno galego as catro primeiras estrofas do poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal.

Efectivamente, un século antes, a vontade que se manifestaba en Galiza de contar cun himno cristalizou na iniciativa do músico Pascual Veiga, que encargou ao poeta nacional na altura, o bardo Eduardo Pondal, a composición dun texto poético que, “a maneira da Marcha Real, Marsellesa etc., sexa cantado en toda a Galiza co entusiasmo que desperta no ánimo o Sentimento da patria”.

As bases do concurso internacional organizado polo Orfeón Coruñés no 4, dirixido por Pascual Veiga na cidade da Coruña, contemplaban un premio destinado a galardoar a mellor “marcha” musical escrita para orfeón sobre o poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal. Para este texto, o maestro mindoniense compuxo a música que, após diversos avatares, tivo a súa primeira interpretación institucional e solemne como himno galego no día 20 de decembro de 1907 no Gran Teatro da Habana. A partir deste evento, o himno foi acollido polo movemento galeguista, nomeadamente polas Irmandades da Fala, que o elevou sobre outras propostas existentes e o estendeu en toda a sociedade, ao tempo que se foi establecendo o cerimonial de interpretación, sempre co público en pé e actitude respectuosa. Por tanto, a partir de 1916 o texto de Eduardo Pondal, coa música de Pascual Veiga, converteuse, de facto, no himno galego.

A difusión do texto pondaliano realizouse a partir da súa publicación sucesiva na Habana en medios escritos diversos, sobre todo revistas (1905, 1907, 1909), de onde retornou a Galiza por volta de 1910 con múltiples erros textuais derivados fundamentalmente da súa inicial difusión fóra do país.

A recuperación dos manuscritos do himno, xunto con impresos con correccións autógrafas e mais a versión editada e autorizada polo autor revelou importantes alteracións textuais na versión oficial, tal como demostrou a investigación realizada polo doutor Manuel Ferreiro, catedrático da Universidade da Coruña. Tal feito propiciou a constitución, en 1996, dunha ponencia conxunta no Parlamento galego para estudar a eventual restauración da letra verdadeira do Himno. E posteriormente, en 2002 e 2018, aínda foron realizados dous amplos informes técnicos escritos onde se demostraba, razoada e documentalmente, que o actual texto oficial do Himno Galego, alén doutras cuestións de menor transcendencia, mostra a existencia de catro alteracións de importancia: 1) Problemas de presentación formal e de puntuación, de forma que no texto oficial mesmo desapareceu a indicación de que o texto é un diálogo (pregunta aos piñeiros, na primeira estrofa, e resposta destes nas tres estrofas restantes);

2) Presenza de formas idiomáticas alleas ao poema orixinal pondaliano, nomeadamente castellanismos e hiperenxebrismos (ronco / rouco, iñorantes / ignorantes); 3) Aparición de formas idiomáticas falsas, inexistentes no poema de Pondal e na lingua galega (féridos / férridos); 4) Deturpación da expresión orixinal mediante un proceso de banalización textual (chan / clan ‘pobo’). O propio autor do texto do Himno, Eduardo Pondal, era consciente destas deturpacións textuais, tal como lle sinala a Xosé Fontenla Leal, o grande impulsor do himno na colectividade galega en Cuba, cando en carta de 11 de xaneiro de 1913 lle di que “o texto do noso himno contén non poucas erratas, e xa veremos de corrixilas oportunamente”. Infelizmente, o estado de saúde de Pondal non permitiu esa actuación correctora e restauradora, que agora o Parlamento pode e debe realizar, 115 anos após a pública e solemne interpretación do himno na Habana.

En 1984 o Parlamento galego, consciente da importancia e do alto valor institucional e social dos símbolos (escudo, bandeira, himno), oficializou o Himno no artigo 4 da Lei de Símbolos: “Declárase himno de Galicia a composición «Os Pinos», poema de Eduardo Pondal e música de Pascual Veiga”. Porén, o texto aprobado e publicado no Diario Oficial de Galicia, na Disposición adicional terceira da Lei 5/1984, non recolle as estrofas do poema «Os Pinos» da fonte orixinal pondaliana, senón que se

basa nunha deficiente versión editorial realizada en 1935, no centenario do nacemento do poeta. O feito de esa edición ter herdado (e acrecentado) os erros e deturpacións textuais acumulados desde había anos explica o texto oficial do himno, que cómpre recuperar e actualizar catro décadas após a promulgación da Lei de Símbolos. Son chegados os tempos, en fin, de restaurar o texto certo do himno galego, de modo que todos, e especialmente as novas xeracións, o coñezamos, cantemos e interpretemos correctamente.

A este fin responde esta Proposición de Lei.

Proposición de Lei:

Artigo 1o. Fica modificado o artigo 4 da Lei 5/1984, de Símbolos de Galicia, nos seguintes termos: "Declárase himno de Galiza o poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal, nas súas catro primeiras estrofas, e música de Pascual Veiga".

Artigo 2o. A disposición adicional terceira da Lei 5/1984, de Símbolos de Galicia, modifícase no punto 1 nos seguintes termos: "A letra do Himno Galego é a seguinte":

Que din os rumorosos,
na costa verdecente,
ó raio trasparente
do prácido luar...?
Que din as altas copas
de escuro arume harpado
co seu ben compasado,
monótono fungar...?

«Do teu verdor cinxido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso clan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono,
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
o noso rouco son;
mas sós os ignorantes
e férridos e duros,

imbéciles e escuros,
non os entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das edades,
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois donde quer, xigante,
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán».

Artigo 3o. A Xunta de Galicia fará cumprir a todas as institucións e sociedades públicas dela dependentes, como a radio e a TV galegas, a reprodución, canto e interpretación completa do himno galego.

Artigo 4o. A Xunta de Galicia realizará unha edición popular da letra restaurada conforme o texto creado por Eduardo Pondal, xunto coa partitura do Himno, co obxecto de distribuílo, divulgalo e popularizalo de forma masiva na sociedade galega, nomeadamente en todos os centros educativos, agrupacións musicais e corais, bandas de música, entidades deportivas, asociacións culturais ou calquera outra entidade cívica."

O-C
36E
15I
P-
F:
C.T.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 11 votos a favor (6 do grupo municipal do BNG, 4 de grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal) e 6 abstencións (6 do grupo municipal do Partido Popular)

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Proposición de Lei:

Artigo 1o. Fica modificado o artigo 4 da Lei 5/1984, de Símbolos de Galicia, nos seguintes termos: “Declárase himno de Galiza o poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal, nas súas catro primeiras estrofas, e música de Pascual Veiga”.

Artigo 2o. A disposición adicional terceira da Lei 5/1984, de Símbolos de Galicia, modifícase no punto 1 nos seguintes termos: “A letra do Himno Galego é a seguinte”:

Que din os rumorosos,
na costa verdecente,
ó raio trasparente
do prácido luar...?
Que din as altas copas
de escuro arume harpado
co seu ben compasado,
monótono fungar...?

«Do teu verdor cinxido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso clan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono,
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
o noso rouco son;
mas sós os ignorantes
e férridos e duros,

imbéciles e escuros,
non os entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das edades,
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois donde quer, xigante,
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán».

Artigo 3o. A Xunta de Galicia fará cumprir a todas as institucións e sociedades públicas dela dependentes, como a radio e a TV galegas, a reprodución, canto e interpretación completa do himno galego.

Artigo 4o. A Xunta de Galicia realizará unha edición popular da letra restaurada conforme o texto creado por Eduardo Pondal, xunto coa partitura do Himno, co obxecto de distribuílo, divulgalo e popularizalo de forma masiva na sociedade galega, nomeadamente en todos os centros educativos, agrupacións musicais e corais, bandas de música, entidades deportivas, asociacións culturais ou calquera outra entidade cívica.

6. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal socialista de Fene sobre a falta de financiamento da Xunta de Galicia do Servizo de Axuda no Fogar.

C.O.
36E
15I
P.
F.
C.T.

Consta no expediente a seguinte Moción que é incluída na orde do día por unanimidade:

“MOCIÓN SOBRE A FALTA DE FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O Grupo Municipal dos Socialistas de Fene de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN SOBRE A FALTA DE FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) tense convertido nunha pesada carga económica para os concellos de Galicia. Hai pequenos concellos rurais para os que este servizo xa é o máis oneroso, por enriba mesmo da limpeza viaria e recollida de lixo, algo impensable hai apenas un par de anos. E completamente incomprendible ao tratarse dunha competencia autonómica recollida expresamente no Estatuto de Autonomía de Galicia.

A Xunta manifesta reiteradamente que o SAF é o pilar fundamental sobre o que descansa o sistema de dependencia en Galicia. A propia conselleira ten declarado, para xustificar a escasa dotación de prazas públicas en residencias, que a idiosincrasia galega propicia que a xente maior prefira permanecer nas súas casas.

A Xunta límitase a anunciar autorizacións no número de horas que pode prestar cada concello para posibilitar a entrada de novas persoas no sistema. E presenta isto como unha resposta ás necesidades. Sen embargo, a máis horas e máis persoas, o desfase económico para os concellos, nun servizo que correspondería atender directamente á Consellería de Política Social, incrementábase. E mentres a Xunta mantén controlados os seus custos, toda vez que ten a potestade para regular e manter a conxelación no prezo do módulo/hora, os gastos municipais dispáranse porque son os concellos os que licitan e adxudican un servizo que “no mundo rural” se encarece ano tras ano.

A maiores, a realidade é que nos últimos anos o incremento do IPC e a implantación das medidas de mellora das condicións laborais das persoas traballadoras do sector teñen provocado o aumento máis que considerable do custe da prestación deste servizo, sen que o Goberno Autonómico do PP teña feito achega algunha tendente a paliar estes elevados custes que están a soportar os concellos.

Son os concellos os que teñen asumido ao longo de todo este tempo os incrementos do prezo/hora para poder garantir un servizo de calidade e unhas condicións de traballo dignas do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, incrementando o importe dos contratos nos orzamentos municipais, sen ningunha clase de achega adicional por parte da Xunta de Galicia.

Deste xeito, na actualidade atopámosnos con que moitos dos concellos non teñen capacidade económica para atender os altos prezos da hora de prestación do servizo.

Se contrapoñemos as achegas da Xunta de Galicia coas do Goberno do Estado, obtemos os seguintes datos:

- a) Galicia: a Xunta de Galicia reduce os fondos propios da partida destinada ao SAF no 2023 en 3 millóns de euros:
 - Ano 2022: 50,3 millóns de euros

- Ano 2023: 47,4 millóns de euros
- b) Estado: o Goberno de Pedro Sánchez aumentou no 2023 as achegas do goberno do Estado en 13,9 millóns de euros, tal e como se reflicte nos propios orzamentos da Xunta de Galicia:
 - Ano 2022: 51,3 millóns de euros
 - Ano 2023: 65,2 millóns de euros

En suma, mentres o Goberno de España aumenta os recursos destinados ao SAF para Galicia, o goberno da Xunta de Galicia presidido polo Sr. Rueda reduce os fondos autonómicos para esta partida.

É claro que é a Xunta de Galicia a quen lle corresponde financiar esta competencia, polo que corresponde demandar que a Xunta incremente a súa aportación, aliviando a economía dos concellos, que son os que realmente están a padecer a pasividade do goberno autonómico do PP, recordando unha vez máis que os verdadeiros prexudicados desta falla de acción da comunidade autónoma son as persoas destinatarias da prestación deste servizo, as persoas dependentes.

É o momento, por tanto, de solucionar o grave problema do infrafinanciamento do SAF e poñerse de lado dos concellos

Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista do Concello de Fene presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes **ACORDOS**:

D-0
09E
15I
P-
F:
C.T

Instar á Xunta de Galicia a:

1. -Aumentar o financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos poidan desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos.
2. -Dotar dos medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda.
3. - Exercer as súas funcións de mediadora nas negociacións entre as empresas e os axentes sociais para tratar de que se alcance un acordo do convenio colectivo do sector.

En Fene, a 30 de marzo de 2023

Asinado:

Mar Piñeiro Otero

Voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE"

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 11 votos a favor (6 do grupo municipal do BNG, 4 de grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal) e 6 votos en contra (6 do grupo municipal do Partido Popular)

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Instar á Xunta de Galicia a:

1. **-Aumentar o financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos poidan desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos.**
2. **-Dotar dos medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda.**
3. **- Exercer as súas funcións de mediadora nas negociacións entre as empresas e os axentes sociais para tratar de que se alcance un acordo do convenio colectivo do sector.**

7. Mocións urxentes

Non se presenta ningunha

8. Rogos e preguntas

As intervencións dos membros da Corporación desta acta recóllense fidedignamente no arquivo dixital que contén o vídeo e audio desta sesión, e que ten a seguinte pegada dixital (SHA512):

**2a4cd77f9e3ab38ed6a90a66ace0c1150f1df74679ea1c46f8e31a3566e71b44
65fe85dafef45ccc261e1bd2ec66ab650adf10fa6cafab45be68ae7807ffbfd3**

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 19.48 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria accidental Lara Otero Díaz e polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

C.I.
F.:
P.
150
368
0-C